




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de Compostela



ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DO PREMIO DE INNOVACIÓN BIBLIOTECARIA DE GALICIA 2019

Lugar: Sala de xuntas, edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia, Santiago de Compostela.

Data: 03-10-2019

Hora de comezo: 10.07 h.

Hora de remate: 12.20 h.

ASISTENTES

María Cristina Rubal González, subdirectora xeral de Bibliotecas e do Libro, presidenta.

Consuelo Meiriño Sánchez, xefa do Servizo do Sistema de Bibliotecas, vogal.

Elena García Pazos, directora da Biblioteca Pública de Lugo, vogal.

Alejandra María Mosquera Souto, directora da Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola, vogal.

Beatriz Durán Rodríguez, bibliotecaria da Biblioteca Pública Municipal de Oroso, vogal.

Ana María Martínez Díaz, bibliotecaria da Biblioteca Pública Municipal de Camariñas, vogal.

Xoan Manuel Pérez Lijó, secretario de Bamad, vogal.

Elena Sánchez Muñoz, técnico superior de bibliotecas da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, secretaria.

ORDE DO DÍA

Lectura e valoración das memorias dos proxectos presentados ao Premio de Innovación Bibliotecaria de Galicia 2019





DELIBERACIÓNS

1. Lectura e valoración das memorias dos proxectos presentados.

Presentáronse 12 proxectos candidatos ao Premio de Innovación Bibliotecaria de Galicia 2019:

- *Coirós: pola igualdade desde a lectura: "Eu conto, ti contas, el aprende"*, Axencia de Lectura Municipal do Concello de Coirós.
- *O polbiño Martiño no Carballiño*, Biblioteca Pública Municipal do Concello do Carballiño.
- *Achega: a biblioteca como espazo inclusivo para persoas con diversidade funcional*, Biblioteca Municipal Fórum Metropolitano do Concello da Coruña.
- *Mapa literario de Vigo*, Biblioteca Pública Municipal Neira Vilas do Concello de Vigo.
- *Obradoiros e actividades infantís para a inclusión social*, Biblioteca Central Rialda do Concello de Oleiros.
- *Relendo a vida*, Biblioteca Pública Municipal Enrique Riveira Rouco do Concello das Pontes de García Rodríguez.
- *Interclubtural*, Biblioteca Pública Municipal Enrique Riveira Rouco do Concello das Pontes de García Rodríguez.
- *Aparca ben e leva un libro*, Biblioteca Pública Municipal do Concello do Porriño.
- *Feito a man*, Biblioteca Pública Municipal Juan Fernández Latorre do Concello de Ortigueira.
- *Lembrando coa lectura*, Biblioteca Pública Municipal do Concello de Ribadavia.
- *Creación do fondo Dolores Blanco Montes, Sección de muller e igualdade*, Biblioteca Pública Municipal do Concello de Cangas.
- *Libros con sete vidas: o bookcrossing como ferramenta sostible de fomento do libro e da lectura*, Biblioteca Pública Municipal Rego da Balsa do Concello de Carballo.

Antes de proceder á valoración individual de cada un dos proxectos presentados, acórdase excluír aquelas memorias que recollen a programación anual de actividades levadas a cabo polas bibliotecas, segundo se establece no artigo 2 da *Orde do 24 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases do Premio á innovación bibliotecaria de Galicia e se convoca para o ano 2019*.





2. Fallo

A comisión de avaliación, logo da valoración individual de cada unha das memorias presentadas, acorda declarar finalistas os seguintes proxectos:

- *Mapa literario de Vigo*, Biblioteca Pública Municipal Neira Vilas do Concello de Vigo.
- *Obradoiros e actividades infantís para a inclusión social*, Biblioteca Central Rialada do Concello de Oleiros.
- *Achega: a biblioteca como espazo inclusivo para persoas con diversidade funcional*, Biblioteca Municipal Fórum Metropolitano do Concello da Coruña.
- *Aparca ben e leva un libro*, Biblioteca Pública Municipal do Concello do Porriño.

A comisión de valoración establece a concesión do segundo lugar *ex aequo* para os seguintes proxectos finalistas que obtiveron a mesma puntuación:

- *Obradoiros e actividades infantís para a inclusión social*, Biblioteca Central Rialada do Concello de Oleiros.
- *Achega: a biblioteca como espazo inclusivo para persoas con diversidade funcional*, Biblioteca Municipal Fórum Metropolitano do Concello da Coruña.

Finalmente, a comisión acorda propoñer a concesión do Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2019 ao proxecto:

Mapa literario de Vigo, Biblioteca Pública Municipal Neira Vilas do Concello de Vigo

A comisión destaca a orixinalidade e a creatividade deste proxecto, que fomenta a lectura e a literatura galega a través do local e do coñecemento dos barrios e da comunidade á que presta servizo a biblioteca.

Empregando como fío condutor aquelas obras literarias que teñen como escenario a cidade de Vigo, o proxecto logra a implicación dos lectores e da cidadanía no seu conxunto. Paralelamente, *Mapa literario de Vigo* constrúe un itinerario físico que segue ese mesmo fío condutor onde a descrición do escenario adquire un valor artístico e achega información sobre a o autor, o estilo, a época e o xénero da obra.

O proxecto consegue, ademais, a implicación tanto dos creadores literarios como dos sectores culturais e sociais vigueses.

A comisión destaca, así mesmo, as achegas que fai o *Mapa literario de Vigo*: por un lado, a potenciación económica da cidade por medio das visitas guiadas e, por outro, o seu aproveitamento no eido da educación.

A todos estes elementos, engádese a dificultade técnica do proxecto (emprego de novas






XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO**

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de Compostela



tecnoloxías e deseño gráfico), así como o crecemento potencial que se deriva do mesmo, tanto polas achegas dos propios lectores, como por outras aplicacións que poden desprenderse del.

Para pechar, a comisión quere agradecer o esforzo, a vocación de servizo, a creatividade e a dedicación á comunidade de todas as bibliotecas candidatas e do seu persoal.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
A presidenta

Elena Sánchez Muñoz

María Cristina Rubal González

